DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de pinturas para montaxe dos beléns de Riveira e Aguiño		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (15/11/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B46069654		
Importe (IVE Incluído):	171,25 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Deportes, Anxo Orellán Fernández**, de data 12/11/2018, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de**





Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira” para impulsar a práctica dos deportes náuticos, e en especial a vela, e co obxectivo de coordinar e complementar as ofertas deportivas.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 13/11/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira”**, para impulsar a práctica dos deportes náuticos, e en especial a vela, e co obxectivo de coordinar e complementar as ofertas deportivas.

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER.

Vista a providencia de inicio da **Concelleira Delegada de Benestar Social, M^a Esther Patiño Rey**, de data 09/11/2017, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer”**, co obxectivo do desenvolvemento de campañas informativas e de sensibilización no ámbito do consumo de drogas, uso/abuso das novas tecnoloxías, embarazos non desexados, VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/11/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **“Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer”**, co obxectivo do desenvolvemento de campañas informativas e de sensibilización no ámbito do consumo de drogas, uso/abuso das novas tecnoloxías, embarazos non desexados, VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual.

ACHEGA CONCEDIDA Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión, de data 13/11/2018, no que solicita o libramento dos 12.000,00 € que o Concello ten que abonar á Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño, ao ter realizado a xustificación total da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXI Festa do Percebe de Aguiño 2018.

Vista a documentación que consta no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño para a organización da XXI Festa do Percebe de Aguiño 2018, resultando o seu importe: 12.000,00 €

ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión, de data 13/11/2018, no que solicita o libramento dos 5.000,00 € que o Concello ten que abonar á Asociación de Empresarios de Riveira, ao ter realizado a xustificación total da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e Asociación de Empresarios de Riveira para a Campaña de Nadal 2017-2018.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación de Empresarios de Riveira para a Campaña de Nadal 2017-2018, resultando o seu importe: 5.000,00 €

III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “MODIFICACIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA E DO ALUMEADO DE EMERXENCIA DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS”.

A acometida eléctrica actual do campo de fútbol de Oleiros é insuficiente para abastecer todas as instalacións alí existentes, polo que é necesario solicitar unha ampliación de potencia. Para que a compañía subministradora conceda dito aumento, débese adaptar a instalación eléctrica e alumeado de emerxencia á normativa vixente, que é o que se contempla con esta actuación.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data setembro/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 37.963,99 euros (orçamento base: 31.375,20 euros; IVE 21%: 6.588,79 euros), e un prazo de execución de 15 días.

Consta no expediente:





- 1) Proposta de contratación/memoria xustificativa na que se indica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 24/09/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 15/10/2018, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a terreos de titularidade municipal, os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo planeamento xeral como solo rústico e dentro da calificación de equipamento público dotacional deportivo, e que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural. Matiza ademais que, no presente caso, non se precisa de autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/10/2018, en relación co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/10/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 07/11/2018 (número de operación 2018 22021399), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 342.62202.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase





a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/CIF	Orzamento		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Instalaciones Herfer, S.L.	B-15.581.119	27/09/2018	120	36.249,34 euros
E.Muñiz, S.L.	B-15.721.434	27/09/2018	---	37.493,06 euros
Fontanería Suso, S.L.	B-15.538.754	28/09/2018	053	36.929,20 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/11/2018.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data setembro/2018, para as obras de **Modificación da instalación eléctrica e do alumado de emerxencia do campo de fútbol de Oleiros**, por un orzamento total de licitación de 37.963,99 euros (orzamento base: 31.375,20





euros; IVE 21%: 6.588,79 euros), e un prazo de execución de 15 días, (valor estimado do contrato 31.375,20 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.62202.

CUARTO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **“Modificación da instalación eléctrica e do alumeadado de emerxencia do campo de fútbol de Oleiros”** á empresa **“Instalaciones Herfer, S.L.”** (CIF: B-15.581.119), no prezo total do contrato de 36.249,34 euros (Base: 29.958,13 euros; IVE 21%: 6.291,21 euros), segundo a súa oferta número 120 de data 27/09/2018.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

SEXTO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

SÉTIMO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE VIXAN (CARREIRA)”.

No camiño do lugar de Vixán, parroquia de Carreira, no que centramos a actuación non existe rede de saneamento, polo que é preciso instalala para proporcionarlle este servizo aos veciños da zona.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xullo/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 14.443,43 euros (orzamento base: 11.936,72 euros; IVE 21%: 2.506,71 euros), e un prazo de execución de 1 mes.

Este investimento está subvencionado, segundo comunicación da Directora Xeral de Patrimonio Natural que tivo entrada no rexistro xeral deste concello na data 24/10/2018, co número 15330, na que se comunica que con data do 19 de outubro de 2018, a secretaría xeral técnica por delegación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ditou resolución pola que se aproba a subvención, solicitada o abeiro da *Orde do 18 de maio do 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo os orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.*

Consta no expediente:

- 6) Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 29/10/2018, en relación co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no





que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

- 7) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 29/10/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 8) Proposta de contratación/memoria xustificativa na que se indica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 30/10/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 9) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 02/11/2018, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a terreos de titularidade municipal, que os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo planeamento xeral como solo urbano, e que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural. Matiza ademais que, no presente caso, non se precisa de autorización sectorial algunha.
- 10) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 06/11/2018 (número de operación 2018 22021167), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.61909.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou





unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	DNI/CIF	Registro de Entrada		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Vías y Servicios Generales, S.L.	B-15.555.923	02/11/2018	15.747	13.467,37 euros
Excavaciones Nima, S.L.	B-15.405.335	05/11/2018	15.797	14.079,31 euros
Marqués de Marancán, S.L.	B-15.711.328	05/11/2018	15.801	11.769,17 euros
Excavaciones Abelleira, S.L.	B-15.841.166	07/11/2018	15.937	14.389,10 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/11/2018.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobado a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo/2018, para as obras de **Ampliación da rede de saneamento no lugar de Vixán (Carreira)**, por un orzamento total de licitación de 14.443,43 euros (orzamento base: 11.936,72 euros; IVE 21%: 2.506,71 euros), e un prazo de execución de 1 mes, (valor estimado do contrato 11.936,72 euros).

SEGUNDO.- Aprobado o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.61909.





CUARTO- Adjudicar o contrato menor para a realización das obras de **“Ampliación da rede de saneamento no lugar de Vixán (Carreira)”** á empresa **“Marqués de Marancán, S.L.”** (CIF: B-15.711.328), no prezo total do contrato de 11.769,17 euros (Base: 9.726,59 euros; IVE 21%: 2.042,58 euros), segundo a súa oferta que tivo entrada no rexistro xeral do concello na data 05/11/2018 co número 15801.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

SEXTO.- Esta adjudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

SÉTIMO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adjudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde en funcións, Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 14/11/2018 **“Decreto: Pagamento de liquidacións en período executivo”**

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido polo **C.E.I.P. Plurilingüe "O Grupo"**, de data 06/11/2018 (Rexistro saída nº 18/192), rexistrado de netrada en data 08/11/2018 co nº 15.989, no que solicita a designación dun representante do Concello de Riveira para formar parte como membro de dereito do Consello Escolar do C.E.I.P. Plurilingüe "O Grupo"; en virtude da Resolución do 19/09/2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, e en cumprimento do disposto no artigo 33 do decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda designar** ao Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes do Concello de Riveira, **Anxo Orellán Fernández**, como representante do Concello de Riveira para formar parte como membro de dereito do Consello Escolar do C.E.I.P. Plurilingüe "O Grupo".

2.- Dáse Conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00439/2018 remitida polo **Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 26/10/2018, pola que se estima a demanda (SSS Seguridad Social 0000213/201.) interposta a instancias de Carmen Giménez Borja contra o INSS e a TGSS, e contra o Concello de Riveira, quedando esta Xunta de Goberno Local enteirada da citada sentenza.





3.- VISTO o escrito remitido pola **Excma Deputación Provincial da Coruña**, con data 8 de novembro de 2018 (Rexistrado de entrada en data 13/11/2018 co nº 16.164), no que se pon de manifesto que *“En contestación ao escrito remitido a esta Administración polo Concello de Riveira no que se solicita información acerca da titularidade da estrada sita na Avda da Paz, infórmase que a mesma no pertene á rede provincial de estradas”*.

VISTO que o Pleno da Corporación en sesión de data 24 de setembro de 2018 acordou dirixirse á Xunta e a Deputación para que aclaren a titularidade da estrada da Avda da Paz e Avda da Coruña, nos seus tramos ata a rotonda de entrada a autovía.

A Xunta de Goberno Local **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Instar de novo á Xunta de Galicia e Deputación da Coruña para que determinen a titularidade da estrada que dá acceso á autovía en Palmeira, coa fin de esclarecer a quen compete o seu mantemento, estando o Concello de Riveira disposto a participar nas reunións nas que se delibere sobre esta cuestión.

Segundo:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do **informe** presentado pola **Concelleira Delegada de Educación**, M^a Herminia Pouso maneiro, de data 08/11/2018, relativo ás accións levadas a cabo en Educación e no Servizo de Normalización Lingüística nos meses de setembro e outubro, e as previstas para os meses de novembro e decembro de 2018.

5.- Visto o escrito remitido por Lourdes Besada Agra, Coordinadora do Practicum (**Escola Universitaria de Traballo Social** – Centro adscrito á USC), de data 07/11/2018 (Rexistro de saída nº 173) e rexistrado de entrada en data 13/11/2018 co nº 16.167, no que solicita autorización para que a alumna desa Escola, Andrea Ferro Suárez, poida realizar as prácticas coa traballadora social da Unidade Asistencial de Drogodependencias deste Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar á alumna da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela, **Andrea Ferro Suárez** (78.810.594 J) para que realice as prácticas coa traballadora social da Unidade Asistencial de Drogodependencias deste Concello, incorporándose ao servizo dende o día 31/01/2019 ata o 14/05/2018.





6.- Visto o **informe** presentado pola **Policía Local**, de data 02/11/2018 (Rexistrado de saída P.L. en data 07/11/2018 co nº 1.642), relativo á solicitude presentada por María José Pego, e no que se propón a modificación da sinalización horizontal, á altura do nº 130 da Avenida de Ferrol, Riveira, de titularidade autonómica (AC-305/Ribeira-Noia)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Instar** á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que proceda á modificación da sinalización horizontal, á altura do nº 130 da Avenida de Ferrol, Riveira, de titularidade autonómica (AC-305/Ribeira-Noia), segundo o sinalado no citado informe policial que se achega xunto con este acordo.

7.- Visto o escrito presentado por **Carmen Nuñez Davila**, (Rexistro de entrada nº 15.803/2018), no que solicita reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Numancia, nº 10 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 12/11/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado dunha reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Numancia, nº 10 (Palmeira), ao ser a zona máis próxima á súa vivenda e , asímesmo, o estacionamento do vehículo deberá permitir a circulación dunha motocicleta que ten autorizado o paso mediante vao permanente uns metros máis abaixo, según o sinalado no citado informe policial.

8.- Visto o escrito presentado por **José Luis Rodríguez Orellán**, (Rexistro de entrada nº 16.122/2018), no que solicita reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Cordieiro, nº 27 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 13/11/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado dunha reserva de praza para estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Rúa Cordieiro, nº 27 (Riveira), ao ser a zona máis próxima á súa vivenda, según o sinalado no citado informe policial.





APROBACIÓN BASES DOS CONCURSOS DE ESCAPARATISMO E DECORACIÓN HOSTALEIRA DE NADAL 2018-2019.

Vista a **proposta** do Concelleiro Delegado de Turismo, Antonio Javier Jesús Freire Brión, de data 13/11/2018, no que solicita a aprobación das bases dos concursos de escaparatismo e decoración hostaleira de Nadal 2018-2019, coa finalidade de dinamizar o comercio e o turismo no Concello de Riveira, colaborando coa Asociación de Empresarios de Riveira a través do seu CCA Viamare.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases dos concursos de escaparatismo e decoración hostaleira de Nadal 2018-2019.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2018-2019

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 14/11/2018, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2018-2019

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Rial Arias, Marta	54224688A
Argibay Romero, Daniel	54224556D

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

